



BANDO DA ALCALDÍA

D. JOSÉ LUÍS PIÑEIRO GARCÍA, alcalde-presidente do Concello da Pobra do Caramiñal (A Coruña),

FAI SABER: Que o noso concello continua despois de 14 días nunha situación de risco extremo na evolución da pandemia causada polo COVID-19, polo tanto resulta necesario dar continuidade as medidas extraordinarias que se estableceron o pasado 28 de decembro de 2020, coa intención de que contribúan a reduci-lo número de contaxios no noso concello.

As presentes medidas extraordinarias serán de aplicación entre o día 12 de xaneiro de 2021 e o día 19 de xaneiro de 2021, ambos inclusive.

Estabelécense as seguintes MEDIDAS:

Primeira. Suspéndese tódalas actividades de ocio e tódolos espectáculos de carácter cultural organizados polo Concello.

Segunda. Mantense o peche dos parques infantís e biosaudábeis de todo o termo municipal, que permanecerán precintados ata que se autorice de novo o seu uso.

Terceira. A biblioteca municipal, o Museo Valle-Inclán e a oficina de información turística na Casa Mariñeira deixarán de dar atención presencial ao público. Non obstante continuarase co servizo de préstamo de libros en funcionamento, que deberá solicitarse mediante unha cita previa.

Cuarta. Suspéndense tódalas actividades deportivas non federadas nas instalacións municipais, tanto ao aire libre coma as que se realizan a cuberto. A práctica deportiva federada séguese a autorizar, sen prexuízo de que se revisen os protocolos en funcionamento e de que se poidan establecer medidas extraordinarias para cada modalidade deportiva en concreto. Para o cumprimento desta medida as instalacións deportivas ao aire libre permanecerán precintadas, e só poderán ser empregadas para o deporte federado. Neste caso deberán comunicar coa antelación de un día o seu uso ao departamento de deportes ou directamente á Policía Municipal.

Quinta. Non se autoriza o uso de ningunha dependencia municipal para a realización de ningún tipo de actividade. Queda expresamente prohibido o uso de calquera espazo público nos seguintes casos:

- Actividades culturais ou lúdicas, tanto as de carácter público coma privado.
- As exposicións e mostras quedan clausuradas.
- Actividades de formación como cursos, obradoiros ou outras de análoga natureza.





Concello da Pobra do Caramiñal

· Xuntanzas de entidades, asociacións ou clubs deportivos, tanto de carácter público coma privado.

Sexta. Suspéndese a realización do mercado ambulante dos mércores.

Sétima. Procederáse a intensificar as tarefas de desinfección por parte da Agrupación de Voluntarios/as da Protección Civil, que se realizarán diariamente cando menos nos seguintes espazos e horarios:

- Ás 20:00 horas comezarán na contorna do centro de saúde e residencia de maiores.
- Despois das 23:00 horas, para evitar molestias á cidadanía, realizarase a desinfección do centro urbano, poñendo unha especial énfase no mobiliario urbano, como bancos e papeleiras, e nos contedores do lixo, vidro, papel, envases, roupa e aceite; e, en xeral, en calquera superficie que poida servir de vehículo de contaxio para o COVID-19.

Estabelécense todas estas medidas sen prexuízo doutras que se puideren tomar con posterioridade e de todas aquelas que ditaminaren as autoridades sanitarias, a nivel autonómico e estatal.

O que fai público para xeral coñecemento e efectos.

A Pobra do Caramiñal, na data da sinatura dixital

O alcalde

